

## **Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.**

**Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Domingo García-Sabell do 19/06/1953**

**Colección:**

**Data:** 19/06/1953

**De:**

Luís Seoane;

**Para:**

Domingo García-Sabell;

**Orixe:**

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

**Destino:**

Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada]

**Localización física:**Fundación Luis Seoane

**Temáticas:**

Emigración; Exilio; Migracións;

**Mencionados:**

Arturo Cuadrado; Rafael Dieste;

---

## **Transcrición da epistola de Luís Seoane, a Domingo García-Sabell do 19/06/1953**

Buenos Aires, 19 de xuño de 1953

Sr. D. Domingo García Sabell  
Sant-Iago

Meu querido amigo:

Non te imaxinas con que fonda ledicia tuven coñecemento, tivemos todol-os teus amigos, da aceptación túa á invitazón da Xunta Directiva do Centro Galego. Deseiosos de falar de todo, dos tempos pasados e deste presente que vivimos. Debullaremos antigos recordos, sonos aínda nidios e non esquecidos.

Agardámoste cos millores agoiros i-escuso decirche que, endemáis, contes comigo pra canto deseies.

Estarei o primeiro de todos no peirao co soio sentimento de que Dieste esté lonxe, xa que con él moi a miúdo falábamnos de tí. Buenos Aires ten un intrés sutil, pouco meigoso, que tes de coñecer. Falaremos tamén deste e daquelo que fixemos eiquí, sós, soñando en Galiza. A Cuadrado e a min n-esta povoada soidade enchéronsenos os ollos de bágoas, ¿por qué non o ímos a confesar?, o lér as túas liñas e lembrar desazados a mocidade nosa perdida, lonxe de todo aquilo que máis queremos.

Recibe, deica moi logo a forte aperta de:

Seoane. ....

---

Créditos do proxecto web

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.